

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE TURISMO ACTIVO, AVENTURA E NATUREZA (AGETAN) PARA O IMPULSO NO CONSUMO DE ACTIVIDADES DE TURISMO ACTIVO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Galega de Empresas de Turismo Activo, Aventura e Natureza (AGETAN) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AGETAN para o impulso no consumo de actividades de turismo activo, a través das seguintes accións:

- **Creación de produto de turismo activo sostible:** Elaboraranse fichas de creación de produtos máis sostibles, campañas de información entre as empresas, accións de formación, así como acompañamento para a implementación dos produtos.
- **Promoción:** Establecerase unha definición estratéxica da campaña, elaboración de contidos (texto, fotografía e deseño) ademais do deseño de banner e folletos dixitais. Ademais incorporaranse ás páxinas web das empresas de TA, campaña, creación de apartado propio en web xa existente (turismoactivo.gal), campaña de información mediante mailing, rrss e telefonicamente, campaña con medios de comunicación e teléfono e email de dúbidas e asistencia.
- **Implementación de canle de reserva directa na web turismoactivo.gal**



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación Galega de Empresas de Turismo Activo, Aventura e Natureza (AGETAN) é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, que ten como obxectivo velar polos intereses do sector do turismo activo en Galicia, garantindo a prestación de servizos cumprindo criterios de seguridade, calidade e sostibilidade.

Entre os fins da Asociación, tal e como establecen os seus Estatutos, están:

- Desenvolvemento, consolidación, regulación e promoción do turismo activo, de aventura e de natureza en Galicia, así como a súa proxección exterior.
- Poñer en valor o patrimonio natural, paisaxístico e cultural de Galicia.
- Desenvolver actividades e proxectos educativos, de protección e de coidado do medio ambiente no eido galego.
- Formación e reciclaxe profesional de persoal relacionado co turismo activo, de aventura e de natureza.
- Fomentar a unión e colaboración nos temas de común interese, mantendo a calidade dos servizos prestados polos socios.



Para o cumprimento destes fins, AGETAN ten recoñecida a realización dos seguintes tipos de actividades:

- Redactar e deseñar proxectos que axuden á consecución dos fins propostos. Coidando da súa execución e bo fin.
- Solicitar a calquera entidade, de calquera ámbito, as axudas oportunas para a consecución dos fins da Asociación.
- Realización de actividades de tipo sociocultural e deportivo, tales coma: estudos, seminarios, xornadas, promoción da investigación, etc., no eido do turismo.
- Intercambio de actividades con outras asociacións con fins semellantes.
- Colaboración con todo tipo de organismos con fins semellantes.
- Realizar calquera tipo de actividade que permita á Asociación conseguir os fins sinalados.
- Promover perante os organismos competentes da Xunta de Galicia a regulación do sector de turismo activo e de aventura, elaborando propostas para o establecemento dunha normativa galega a este respecto.
- Promover ou participar en colaboración con outras entidades ou entes en proxectos de investimento para a mellora da infraestrutura e a calidade da oferta turística en Galicia.

Terceiro.- Un dos efectos da pandemia é a realización de mais actividades deportivas no medio natural sendo, a maioría delas, actividades de turismo activo. Este convenio incentivará que esta contratación se faga por medio das empresas de turismo activo de Galicia. Deste xeito, ademais de incentivar o consumo, acadaremos unha realización de actividades mais ordenada e segura, posto que estas empresa contan con protocolos específicos para a redución do risco de contaxio por Covid e, ao tempo, redúcese o risco de accidentes e tamén diminúe a presión medioambiental.

As empresas ofertan, entre outras, ás seguintes actividades: sendeirismo, btt, rafting, kaiak, surf, windsurf, barranquismo e escalada.

A práctica regulada e segura destas actividades, por medio dunha empresa autorizada, favorecerá:



- Unha mellor experiencia, e mais segura, para ás persoas usuarias.
- Unha maior concienciación sobre o respecto polo medio natural.
- A redirección de fluxos turísticos a zonas menos poboadas.
- O reforzo da imaxe de Galicia como destino de natureza, e tamén vinculado a estilos de vida saudable.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia entende que é de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto, dada a súa representatividade do sector.

Que a través deste convenio, outórgase a AGETAN unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a subscripción dun contrato dos contemplados na Lei de contratos do sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

